


# Ruta de Os Anxeles.



## Introduccion

A parroquia de Os Ánxeles está situada ó leste do concello. Atravésaa a estrada C-840.

A igrexa parroquial conserva restos románicos do século XII: colección de canecillos e o arco de ingreso ó presbiterio, de directriz semicircular sobre semicolumnas adosadas. A fachada ten porta adintelada e unha pequena hornacina coa imaxe da Virxe.

Ó contrario doutras zonas do Concello, aquí parece aumentar a poboación, rexistrándose núcleos con casa novas habitadas.

A maior concentración está na Verea e nas Corredoiras onde se dispón ademais de varios servizos : correos, gasoliñeira, bares, queixería,....

A paisaxe cambiou radicalmente ó facela concentración parcelaria perdeuse moita masa arborea e lugares enxebre como corredoiras e o Castro.

Predominan os prados e eidos familiares.

Pola estrada Sobrado-Corredoiras→Corredoiras-Arzúa discorre o Camiño de Santiago chamado do Norte, que pouco a pouco vai collendo máis pulo.

### **Descrición da ruta:**

Iniciámolo percorrido no lugar de Igrexa, onde hai un grupiño de vivendas de nova construción á beira do campo da romería que ten palco e cruceiro ó fondo. Queda algún castiñeiro e a esquerda unha boa carballeira.

Do outro lado temos a igrexa parroquial, co cemiterio detrás e a casa reitoral de sillería de pedra.

Por Quintás, seguindo de fronte imos a Angueiro, lugar curioso onde a pista serpentea entre casas antigas e hórreos.

O Camiño bifurcase, por un lado cara a Santalla(Dormeá) e polo outro chegamos ó lugar de Vilar: A poucos metros esta Porto Salgueiro onde esmorece a antiga escola unitaria.

Subindo pola estrada, a pouca distancia aparece o lugar de Liñeiro, onde destaca o pazo, ben conservado e un muiño. Ó longo do camiño baixan as augas traídas do Batán que logo polo Iso, van cara ó Ulla. No seu discorrer, moven muiños e aproveitase en rústicos lavadoiros.

Máis adiante, á dereita aparece a capela da Asunción(semiderruida) con dous cinceiros a ámbolos lados do adro. Ó carón dela descubrimos a casona dos Vázquez-Pena, con gran portalón de entrada ó xardín que está diante e detrás hai outras casas. A pesares do seu aspecto recorda pasados esplendores.

Enfrente está o pazo de Monte-Verea, ó que se accede por un camiño entre as casas dos veciños. Na fachada vemos escudo.

Pasando o Curro, onde queda unha típica casa de aldea chegamos ó Campo de Lanza. Aquí hai unha casa ne reconstrución con dous muiños de auga, e no alto o lavadoiro público.

Na cima da Verea, á esquerda sae unha pista que nos leva a fonte das Insuas (posible nacemento do Iso). Máis adiante está a vella cooperativa, utilizada tamen como tele-club noutro tempo. Á súa beira está o horreo e a casa dos Mosquera-Lavandeira. Ó

pé dela érguese o Carballo “da mosquera”. Cruzando a estrada C-840 topámonos cun muiño antiquísimo, que aínda está en activo gracias ó interese duns vinte socios, que cun presidente á fronte, segue a funcionar en réxime de pezas.

Seguimola pista polo lugar onde estaba o Castro, que fora escavado por membros da Universidade de Santiago. Hoxe desapareceu.

Sáímos á estrada de Santiago e cára a esquerda chegamos ó cruce das Corredoiras.

Seguindo á mesma man, pola estrada c-840, voltamos ó lugar de partida, deixando unha carballeira á dereita. Aínda que hai pistas alternativas, teñen pouco interese.

Queda algunha carballeira máis na Pedreira e nas Corredoiras, cára Boimil, á dereita. Hai plantacións de piñeiros e eucaliptos. Ó longo dos regatos abundan as especies de ribeira.

Á caron das casas vemos loureiros, buxos, castiñeiros vellos, mimosas... e nas sebes ameneiros novos, salgueiros, toxos, xestas, uces.

Hai explotacións gandeiras familiares e unha granxa avícola.